

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 21.12.2018 Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 21 de decembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais

- 1.1 37484 (10/POC-005927)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl
Sobre o tipo de medidas que está a adoptar a Consellería do Medio Rural para erradicar a tuberculose bovina na área da serra da Capelada, así como os datos referidos ás explotacións afectadas pola enfermidade e os animais que tiveron que ser sacrificados nos anos 2016, 2017 e no primeiro semestre de 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018
- 1.2 38589 (10/POC-006060)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para reverter a situación de déficit nas principais producións agrícolas de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018
- 1.3 40375 (10/POC-006302)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia cos representantes dos distintos sectores e entidades que se van ver afectados pola vindeira reforma da Política Agraria Común, os obxectivos previstos na postura que defende o Goberno galego na negociación da nova PAC e a incidencia que vai ter esta no medio rural de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 391, do 29.11.2018
- 1.4 40874 (10/POC-006378)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para non divulgar no seu momento as



zonas xeográficas en que se ían facer soltas masivas do parasito "Torymus sinensis" para combater a praga da nespriña do castiñeiro, a conveniencia de organizar charlas e de lles fornecer material divulgativo aos propietarios de soutos e de novas plantacións co fin de non entorpecer a súa instalación, así como a incidencia, á vista da primavera e da brotación, nas novas zonas de instalación da nespriña e o alcance da súa expansión no último ano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 38150 (10/PNC-003056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a oferta do Goberno galego aos novos gandeiros e gandeiras incorporados á actividade de cría de ovino e cabrún da totalidade dos módulos de teleformación que completan as horas exixidas na orde de axudas do segundo pilar da política agraria común, destinada ás zonas con limitacións naturais, así como a creación dunha escola de pastores e pastoras de ovino e cabrún que regule a formación e capacite para o desenvolvemento dese tipo de actividades

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018

2.2 40055 (10/PNC-003225)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre a consolidación e desenvolvemento pola Xunta de Galicia de todas as medidas de apoio necesarias para incentivar a contratación dos seguros agrarios. (Procedemento de urxencia)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018

2.3 40138 (10/PNC-003237)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 21.11.2018

2.4 40502 (10/PNC-003272)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a rehabilitación e traspaso ao Concello da titularidade do Centro Comarcal e



da antiga Casa do Pobo, do Carballiño
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 390, do 28.11.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2018

Daniel Vega Pérez
Presidente da Comisión



Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 17/12/2018 14:11:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 17/12/2018 14:32:17
Nº Rexistro: 12752
Data envío: 17/12/2018 14:32:17.762

CSV: REXISTRO-ahNGa0Kpv-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidenta	
Rosa Oubiña Solla	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Raúl Fernández Fernández	S
Carlos Gómez Salgado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM
Antón Sánchez García	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 21.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 21.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 37484(10/POC-005927)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre o tipo de medidas que está a adoptar a Consellería do Medio Rural para erradicar a tuberculose bovina na área da serra da Capelada, así como os datos referidos ás explotacións afectadas pola enfermidade e os animais que tiveron que ser sacrificados nos anos 2016, 2017 e no primeiro semestre de 2018

Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 13:41
Nº Rexistro: 37484
Data envío: 24/09/2018 13:41:58.390



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A tuberculose bovina (TB) é unha enfermidade crónica dos animais provocada por unha batería chamada *Mycobacterium bovis* (*M. Bovis*), que garda estreita relación coas bacterias causantes das tuberculose humana e aviaria.

O nome de *tuberculose* provén dos nódulos, chamados *tubérculos*, que se forman nos ganglios linfáticos do animal afectado.

A detección dun caso de tuberculose bovina -en xuño de 2016- nunha explotación de vacún, na contorna da serra da Capelada, a Consellería do Medio Rural determinou considerar todo o concello de Cedeira como un foco de infección desta enfermidade. Despois de moitos meses durante os que as explotacións son sometidas a rigorosos controis veterinarios e despois de levar sacrificado arredor de 70 animais, sen que se confirmase ningún novo caso positivo, continúan bloqueados ou semibloqueados no mellor dos casos. Hai explotacións que levan pasando 7 controis de saneamentos nos dous derradeiros anos dando estes controis negativo e continúan bloqueadas parcialmente.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que tipo de medidas esta á adoptar a Consellería do Medio Rural para erradicar a tuberculose na contorna da serra da Capelada?

2ª) Cantas explotacións estiveron ou están afectadas pola tuberculose nos anos 2016, 2017 e no primeiro semestre de 2018 na contorna da serra da Capelada, especificados por concello e data?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 13:41
Nº Rexistro: 37484
Data envío: 24/09/2018 13:41:58.390



 **Grupo Parlamentario**

3ª) Cantos animais tiveron que ser sacrificados pola tuberculose no ano 2016, 2017 e no primeiro semestre de 2018 na contorna da serra da Capelada, especificados por concello e data?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/09/2018 13:40:40

Raúl Fernández Fernández na data 24/09/2018 13:40:50

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 21.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 38589(10/POC-006060)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para
reverter a situación de déficit nas principais producións
agrícolas de Galicia

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Antón Sanchez García e Luís Villares Naveira, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 7.ª**, sobre a necesidade de aprobación dun plan estratéxico para as principais producións agrícolas.

Galicia sofre unha perda de poboación no rural desde hai varias décadas. A poboación arrímase á costa nun éxodo sen precedentes do rural, en busca do maná prometido como son as oportunidades de traballo e a consecución dunhas mellora na calidade de vida. Isto dáse nas provincias do interior Lugo e Ourense cara as zonas costeiras de Pontevedra e da Coruña, onde tamén se produce esta marcha desde o interior cara as cidades.

Porén o maná está no rural e sempre estivo alí. As condicións de vida son inmellorables e incomparables sempre que as administracións se impliquen e axuden á poboación coa garantía de servizos ao igual que ocorre nas grandes urbes. É necesario ver e potenciar a necesidade de habitabilidade do rural: a cidade non come se o campo non traballa.

A perda de cultivos en Galicia amosa esta realidade do éxodo en busca do maná. Así desde o inicio da crise, segundo un artigo publicado na Opinión da Coruña, máis de 33.364 hectáreas de terras de labor abandonáronse. É a superficie dedicada a cultivar cereais, forraxes, hortalizas e legumes.

A organización FADEMUR solicitou unha Política Agraria Común na que non se teñan só en conta as cifras do sector agroalimentario e si a poboación dos pobos e para as mulleres rurais. Así, a Política Agraria Común pode axudar ao mundo rural a afrontar o éxodo e revertelo consolidando os novos cultivos.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38589
Data envío: 11/10/2018 14:05:19.866



Nunha táboa publicada polo Instituto Galego de Estatística o 11 de setembro de 2018 vese o avance inexorable do éxodo e da perda de cultivos. Así, no ano 2006 producíanse 1.985.590 toneladas de millo forraxeiro que pasaron no ano 2017 a 1. 936.384. no ano 2006 había 5.983.521 toneladas de pradería polifita que pasaron no ano 2017 a 3.218.426.

Tamén se reduciu o cultivo de pataca, afectado nos últimos anos pola couza guatemalteca.

Esta perda tamén é visible no sector vitivinícola. É posible reverter esta situación creando novas oportunidades de traballo e de negocio para a xuventude no rural, que permita reverter o éxodo e que fixe poboación no rural que permitirá un gran avance socioeconómico en Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª:

Que medidas ten pensado levar a cabo o Goberno galego para reverter a situación de déficit nas principais producións agrícolas galegas?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38589
Data envío: 11/10/2018 14:05:19.866

David Rodríguez Estévez na data 11/10/2018 14:00:54

Antón Sánchez García na data 11/10/2018 14:01:04

Luis Villares Naveira na data 11/10/2018 14:01:11

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 21.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 40375(10/POC-006302)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia cos representantes dos distintos sectores e entidades que se van ver afectados pola vindeira reforma da Política Agraria Común, os obxectivos previstos na postura que defende o Goberno galego na negociación da nova PAC e a incidencia que vai ter esta no medio rural de Galicia

Publicación da iniciativa, 391, 29.11.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2018 10:43
Nº Rexistro: 40375
Data envío: 16/11/2018 10:43:50.477

A Mesa do Parlamento

Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro e Rosa Oubiña Solla, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Desde 1962, a Política Agraria Común (PAC) experimentou varias reformas, as cales propiciaron unha continua adaptación aos novos retos e cambios que se foron sucedendo en todos estes anos, polo que segue sendo unha política fundamental para o futuro do eido rural da Unión Europea.

En novembro de 2017, a Comisión Europea (CE) enviou ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións a súa comunicación “O futuro dos alimentos e a agricultura”, como base de traballo para a elaboración das correspondentes propostas lexislativas.

O devandito documento resalta a necesidade de que a PAC estea orientada a cumprir as obrigacións establecidas no Tratado da UE para esta política e, neste sentido, debemos aproveitar as oportunidades da PAC, que tamén se constitúe como unha política territorial europea, contribuíndo á loita contra o despoboamento das áreas rurais ao fortalecer o tecido socioeconómico dos pobos. Con esta concepción, as persoas que desenvolven a actividade agraria de forma principal, son o referente para fortalecer a Política Agraria Común.

Todo iso, sumado á importancia estratéxica do sector agrario para Galicia, lévanos á necesidade de acadar un consenso, entre goberno e actores económicos e sociais, para unha defensa conxunta da postura da Comunidade Autónoma ante a futura Política Agraria Común, ao obxecto de que a mesma garanta a consecución dun sector agrario rexional rendible, sustentable e innovador, que fixe poboación no medio rural.

Tendo en conta o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que accións está a desenvolver a Xunta de Galicia cos representantes dos diferentes sectores e entidades que se verán afectados pola próxima reforma da PAC?
2. Que obxectivos contempla a postura que defende o goberno galego na negociación da nova PAC?
3. De que xeito incidirá no medio Rural de Galicia a futura PAC?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2018 10:43
Nº Rexistro: 40375
Data envío: 16/11/2018 10:43:50.477

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 16/11/2018 10:40:37

Raquel Arias Rodríguez na data 16/11/2018 10:40:44

Carlos Gómez Salgado na data 16/11/2018 10:40:51

Daniel Vega Pérez na data 16/11/2018 10:40:59

Jesús Miguel Prado Patiño na data 16/11/2018 10:41:08

Jacobo Moreira Ferro na data 16/11/2018 10:41:15

Rosa Oubiña Solla na data 16/11/2018 10:41:23

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 21.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 40874(10/POC-006378)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non divulgar no seu momento as zonas xeográficas en que se ían facer soltas masivas do parasito "Torymus sinensis" para combater a praga da nespriña do castiñeiro, a conveniencia de organizar charlas e de lles fornecer material divulgativo aos propietarios de soutos e de novas plantacións co fin de non entorpecer a súa instalación, así como a incidencia, á vista da primavera e da brotación, nas novas zonas de instalación da nespriña e o alcance da súa expansión no último ano

Publicación da iniciativa, 394, 05.12.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 11:15:42
Nº Rexistro: 40874
Data envío: 27/11/2018 11:15:42.068

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Xa ninguén dubida da gravidade da praga da nesperiña do castiñeiro tanto pola súa extensión xeográfica coma pola intensidade desta e dos danos que está a ocasionar nos soutos consolidados e nas plantacións que se están a facer de novo.

A solta do *tormus sinensis* desta primavera rondou os case 800.000 individuos, pero estas soltas efectuáronse cun inexplicable secretismo e sen normas de comportamento para os agricultores e xentes que teñen na castaña un medio de vida único ou complementario. Non houbo notificacións das zonas onde se ceiba este bichiño nin instrucións ó respecto para os propietarios de soutos consolidados ou novas plantacións.

Noutras Comunidades Autónomas onde se realizaron soltas de *Torymus* si hai divulgación de como facer para non interferir no desenvolvemento do individuo e favorece-la súa expansión e eficacia.

Para esta primavera pasada prometéranse 1,6 millóns de individuos para ceibar e resulta que ó final foron so a metade desa cifra.

CSA-REXISTRO-HknaUBxG-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 11:15:42
Nº Rexistro: 40874
Data envío: 27/11/2018 11:15:42.068

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

7ª:

-Cal é a razón pola que non se divulgou no seu momento en que zonas xeográficas se ían facer soltas de *torymus sinensis*?

-Non cree a Consellería de M. Rural na conveniencia de organizar charlas e fornecer de material divulgativo a aqueles propietarios de soutos e novas plantacións de castiñeiros co obxecto de non entorpece-la instalación de poboacións do predador da nesperiña?

-Cal é a incidencia, ás luces da primavera e da brotación, nas novas zonas de instalación da nesperiña e a onde chegou a súa expansión este último ano?

-Cales son as previsións iniciais de encomenda de individuos *torymus sinensis* para o ano próximo vista a expansión en áreas xeográficas e en intensidades?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



CSV REXISTRO XERAL ENTRADA
https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 27/11/2018 11:15:42

Nº Rexistro: 40874

Data envío: 27/11/2018 11:15:42.068

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2018 11:10:11

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2018 11:10:19

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2018 11:10:20

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2018 11:10:22

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2018 11:10:24

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2018 11:10:26

CSV REXISTRO-HKenaUBxG-9
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 21.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 21.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 38150(10/PNC-003056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a oferta do Goberno galego aos novos gandeiros e gandeiras incorporados á actividade de cría de ovino e cabrún da totalidade dos módulos de teleformación que completan as horas exixidas na orde de axudas do segundo pilar da política agraria común, destinada ás zonas con limitacións naturais, así como a creación dunha escola de pastores e pastoras de ovino e cabrún que regule a formación e capacite para o desenvolvemento dese tipo de actividades

Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 12:43
Nº Rexistro: 38150
Data envío: 04/10/2018 12:43:06.005

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos 3 anos déronse de alta na principal asociación de criadores de ovino e cabrún de Galicia 65 novos gandeiros/as, nalgúns casos motivados polo relevo xeracional á fronte da granxa familiar, pero na maioría trátase de xente moza que procede do ámbito urbano das cidades e doutros sectores produtivos, que desexa emprender un novo modelo de vida no rural.

Ata o último terzo do século XX o gando ovino e cabrún era o complemento do vacún no aproveitamento dos pastos e na alimentación e obtención de lá para o tecido de autoconsumo das familias do rural galego. Era habitual que os meniños/as acudisen ó monte pastorear este gando chegando a formar a súa temática todo un corpo de relatos, lendas e romances, nos que os pastores e a súa actividade son protagonistas principais. Isto dá conta da importancia que tivo este gando miúdo na vida económica das xentes do rural galego.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 12:43
Nº Rexistro: 38150
Data envío: 04/10/2018 12:43:06.005

Os tempos mudaron, a desagrarización foi un vento que desertizou o territorio e na actualidade comeza a ser unha nova realidade económica este gando miúdo, medrando en importancia ano a ano esta actividade silvopastoril en extensivo.

Anos atrás “calquera” persoa estaba capacitada para exercer esta actividade, máis hoxe os tempos son outros e o correcto manexo destes animais unido ás esixencias que a sociedade marca a respecto da hixiene, calidade, trazabilidade e finalización dos produtos obtidos, fan que sexa imprescindible unha capacitación que teña coma resultado pastores formados con pleno coñecemento dos seus animais e do medio en que se desenvolve a súa actividade.

Nos centros de capacitación os módulos existentes estaban orientados a vacún de leite e carne sendo o ovino-cabrún o gran marxinado dos programas. Na actualidade nas escolas de capacitación non hai ningún módulo presencial habendo unha demanda sobrada.

Estamos a falar dun sector que non só ten unha actividade económica destacable senón que en extensivo exerce tamén de cortalumes preventivo, dando utilidade á biomasa que na actualidade deixou de ser aproveitada e que periodicamente é pasto das chamuscas. Non é, por tanto, descamiñado afirmar que cumpre un labor estratéxico no futuro da xestión do rural.

Estamos tamén a falar de xente moza que fai o percorrido inverso ó éxodo rural e que fixa poboación no mesmo, obxectivo que polo menos en teoría ten marcado este goberno.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 12:43
Nº Rexistro: 38150
Data envío: 04/10/2018 12:43:06.005

Por outro lado, e para que o Servizo de Explotacións Agropecuarias dependente da Consellería de Medio Rural lles conceda a condición de explotación prioritaria, é necesaria a acreditación da formación homologada, pois sen esta deixarían de percibir a axuda do segundo pilar da PAC destinada ás zonas con limitacións naturais.

Sen embargo, a Xunta só leva ofertados na convocatoria 2017 e 2018 dende o Servizo de Explotacións Gandeiras, (Medio Rural), 5 dos 8 módulos obrigatorios no formato de teleformación esixidos na Orde de axudas.

Estase a producir un “efecto funil” que pode ocasionar a perda e devolución da axuda se non se cumpre cos requisitos marcados na mesma, de acreditación da formación ós 36 meses desde a súa incorporación.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

– Ofertar de xeito urxente a totalidade dos 8 módulos de Teleformación, que completen as 250 horas esixidas na Orde de axudas, para evitar que teñan que devolver a axuda de incorporación por non acadar a acreditación no tempo establecido, o cal sería un signo evidente de mala xestión na execución dos fondos con que o PDR galego está dotado.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 12:43
Nº Rexistro: 38150
Data envío: 04/10/2018 12:43:06.005

– Crear unha Escola de Pastores de ovino e cabrún que regule a formación e capacite as aptitudes para o futuro desenvolvemento das actividades dos nosos gandeiros/as de ovino e cabrún como poden dispoñer noutras comunidades autónomas como Extremadura, Aragón ou recentemente na Comunidade Valenciana, ou aproveitar a estrutura dalgunha das escolas de capacitación agraria para dotala dos medios humanos e materiais necesarios para a impartición da docencia teórico-práctica.”

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 12:43
Nº Rexistro: 38150
Data envío: 04/10/2018 12:43:06.005

Xosé Luis Bará Torres na data 04/10/2018 12:37:22

María Montserrat Prado Cores na data 04/10/2018 12:37:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/10/2018 12:37:30

Olalla Rodil Fernández na data 04/10/2018 12:37:32

Noa Presas Bergantiños na data 04/10/2018 12:37:33

Ana Pontón Mondelo na data 04/10/2018 12:37:40

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 21.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 40055(10/PNC-003225)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre a consolidación e desenvolvemento pola Xunta de Galicia de todas as medidas de apoio necesarias para incentivar a contratación dos seguros agrarios. (Procedemento de urxencia)

Publicación da iniciativa, 383, 14.11.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40055
Data envío: 09/11/2018 14:25:58.421

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Rosa Oubiña Solla, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jacobo Moreira Ferro e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

Os seguros agrarios son unha eficaz ferramenta de protección dos agricultores e gandeiros de todo o Estado contra as adversidades meteorolóxicas, e outros fenómenos alleos ao seu control, que poidan causar perdas nas súas explotacións.

A Consellería do Medio Rural subvenciona a través dos orzamentos da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, a contratación de seguros agrarios, axuda que, engadida á que proporciona o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación mediante a Entidade Estatal de Seguros Agrarios (ENESA), supón un nivel de financiamento que, nalgúns casos, acada o 80% do custe neto das pólizas.

Deste xeito a aposta do goberno galego volveu a quedar de manifesto no proxecto de orzamentos para o 2019, no que destina 5 millóns de euros, incrementando a cantidade nun 8% respecto ao exercicio anterior, precisamente co obxectivo de acadar un maior número de beneficiarios en todos os eidos do noso agro.

De feito, nos últimos anos a contratación de seguros agrarios está a rexistrar un incremento importante en Galicia, favorecida polas campañas de fomento e divulgación que leva a cabo a Consellería do Medio Rural en colaboración coa Agrupación Española de Entidades Aseguradoras dos Seguros Agrarios Combinados, S.A. (Agroseguro), pero consideramos que aínda se pode e se debe estender moito máis.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40055
Data envío: 09/11/2018 14:25:58.421

Posto que, a finalidade da contratación de seguros agrarios é conseguir que un maior número de agricultores e gandeiros poidan beneficiarse das vantaxes que supoñen os seguros como un instrumento para facer fronte ás perdas económicas que poidan ter nas súas producións, como consecuencia das múltiples adversidades externas alleas o traballo e o bo facer dos produtores galegos.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a consolidar e desenvolver cantas medidas de apoio sexan precisas para incentivar a contratación dos seguros agrarios, co obxectivo de avanzar no proceso de inclusión en todos os sectores produtivos galegos”.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/11/2018 14:17:14

Moisés Blanco Paradelo na data 09/11/2018 14:17:25

Rosa Oubiña Solla na data 09/11/2018 14:17:32

Jesús Miguel Prado Patiño na data 09/11/2018 14:17:41

Raquel Arias Rodríguez na data 09/11/2018 14:18:01

Carlos Gómez Salgado na data 09/11/2018 14:18:08

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40055
Data envío: 09/11/2018 14:25:58.421

Jacobo Moreira Ferro na data 09/11/2018 14:18:18

Daniel Vega Pérez na data 09/11/2018 14:18:24

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 21.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 40138(10/PNC-003237)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras

Publicación da iniciativa, 386, 21.11.2018



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

Galicia amosa un recoñecido escenario de debilidade nun amplo espazo territorial da Comunidade Autónoma, a pesares das recoñecidas fortalezas das que dispón nese mesmo ámbito. O chamado medio rural avanza na despoboación e abandono das terras, identificándose, cada día máis, coa desertización. O desequilibrio entre o rural e o urbano é manifesto:

- No urbano vive o 75-80 % da poboación ocupando ó 20-30 % do territorio.
- No rural vive o 20-25 % da poboación ocupando o 70-80 % do territorio.

Este desequilibrio limita, e mesmo reduce, o desenvolvemento global de Galicia en termos económicos, sociais, naturais, de emprego, medioambientais, etc.... É preciso, polo tanto, atallar esa dinámica negativa e promover políticas activas que superen en campos como:

- 1) A fixación da poboación no medio rural;
- 2) A incorporación da mocidade para facilitar o relevo xeracional;
- 3) O mantemento e potenciación do sector lácteo co impulso o establecemento e apertura de plantas de transformación láctea en Galicia, así como a mellora na comercialización do leite;
- 4) O aumento do peso dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para os produtores do leite;
- 5) O impulso a un plan específico de viticultura social dirixido ás persoas a tempo parcial.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a apostar pola modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras, para o cal aprobará neste ano un



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 17:47
Nº Rexistro: 40138
Data envío: 12/11/2018 17:47:06.515

documento xeral que conteña as liñas de apoio específicas a estes sectores, cun seguimento público verificable no relativo aos seus resultados anuais.

Pazo do Parlamento, 12 de novembro de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 12/11/2018 17:41:32

Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/11/2018 17:41:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/11/2018 17:41:43

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 21.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 40502(10/PNC-003272)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a rehabilitación e traspaso ao Concello da titularidade do Centro Comarcal e da antiga Casa do Pobo, do Carballiño

Publicación da iniciativa, 390, 28.11.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, e da súa deputada **Ánxeles Cuña Bóveda** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 7.ª**, sobre a o traspaso do Centro Comarcal e a antiga Casa do Pobo de O Carballiño ó Concello do Carballiño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No Pleno do 28 de xullo do 2016 aprobouse unha Moción presentada por Alternativa Veciñal-En Marea de O Carballiño sobre a situación dos edificios públicos do Carballiño, propiedades do Concello ou doutras administracións, a fin de proceder á súa valorización. Foi común o sentir dos diferentes portavoces dos grupos que compoñen este pleno a necesidade de espazos do concello para prestación de servizos e que, a pesares da existencia de moitos locais, por motivos de titularidade ou falla de acondicionamento, non son utilizables neste intre.

Creouse no concello de O Carballiño unha comisión interpartidaria, dinamizada polo portavoz de AV-En Marea, coa finalidade de estudar as diferentes posibilidades.

É labor da Xunta de Galicia a de dotar ós concellos do país das infraestruturas necesarias para desenrolar nelas actividades que poden ir dende o lecer ata o desenvolvemento rural e socioeconómicos, para reverter así os baixos índices que a día de hoxe estamos a sufrir nas vilas da provincia de Ourense no que atinxe sobre todo a baixada de poboación.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 17:36
Nº Rexistro: 40502
Data envío: 19/11/2018 17:36:00.784



Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Redactar un proxecto de rehabilitación destes inmobles participando na redacción do mesmo a comisión interpartidaria creada no Concello de O Carballiño para tal fin coa finalidade de estudar as diferentes posibilidades.
2. Dotar de orzamento a rehabilitación destes inmobles.
3. Traspasar a titularidade de o Centro Comarcal e a antiga Casa dó Pobo de O Carballiño o Concello de O Carballiño.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Anxeles Cuña Bóveda

Deputados e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 19/11/2018 17:32:54

Antón Sánchez García na data 19/11/2018 17:33:04

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/11/2018 17:33:10